

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS PARA A EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL NO QUE SE UTILICE A MARCA *ARTESANÍA DE GALICIA* E PARA A CERTIFICACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS POLOS SOLICITANTES DA CARTA DE ARTESÁN DENTRO DO “PROGRAMA RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES ARTESANAIS”

En Santiago de Compostela, a dos de abril de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia nomeado para o devandito cargo polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro actuando en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. _____, actuando no nome e representación da Asociación Galega de Artesáns, na súa condición de presidente, en virtude do acordado na asemblea xeral ordinaria, do 29 de xaneiro de 1994 e con competencias para asinar este convenio de colaboración de acordo co establecido no artigo 28.c) dos seus estatutos.

Ambas partes comparecentes, na representación que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O artigo 8 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, faculta a Consellería competente na dita materia para que, logo da proposta da Comisión Galega de Artesanía, dite as normas precisas para crear distintivos que garantan a procedencia da produción artesanal galega e posibilite a súa identificación nos mercados.

A Xunta de Galicia creou, no ano 2001, unha imaxe gráfica, como distintivo dos produtores artesáns galegos, que consiste nun símbolo e no logotipo *Artesanía de Galicia* e inscribiuna como marca na Oficina Española de Patentes e Marcas, nas clases 16, 35, 38, 39 e 41.

A creación do referido distintivo respondía ás seguintes finalidades:

- a) Dotar a artesanía galega dunha imaxe que a distingue e a identifique.
- b) Protexer e manter o prestixio dos artesáns de Galiza e das súas obras.
- c) Informarlle á persoa consumidora sobre a produción artesanal da nosa terra.
- d) Apoiar os puntos de venda ofrecendo información que distingue a obra artesanal galega.
- e) Atender a demanda, cada vez maior, dos mercados en materia de identificación.

Por outra banda, o Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, regula o procedemento de obtención da carta de artesán como instrumento xurídico de recoñecemento da súa condición, creada pola Lei 1/1992, de 11 de marzo, de Artesanía de Galicia, que posibilita o acceso ao status propio de persoa artesá e ás axudas e accións que a Xunta de Galicia estableza. Deste xeito, a labor da Administración autonómica non só se circunscribe á elaboración dun documento administrativo senón que a concesión da Carta de Artesán convértese nun procedemento de recoñecemento de oficios a todos os efectos, poñendo en valor un sector cunha importancia social, cultural e económica inquestionable.

SEGUNDO.- A Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 8 de novembro de 2018, regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca *Artesanía de Galicia*,

propiedade da Xunta de Galicia e determina a forma e contido dos modelos nos que se aplique o distintivo dela.

O artigo 12 da devandita orde establece que a dirección xeral competente en materia de artesanía, para facilitar e axilizar a entrega do material no que se utilice a marca en cuestión aos produtores e establecementos autorizados, poderá autorizar a súa distribución polas entidades colaboradoras, públicas ou privadas, máis axeitadas e que cumpran os requisitos recollidos na orde. Estas poderán editar pola súa conta o material de promoción da marca *Artesanía de Galicia* se contan coa autorización expresa do dito centro directivo. Para instrumentar a colaboración, financiarase tanto o material como o traballo que abrangue o seu almacenaxe e distribución. Así a Consellería asume parte dos custes da edición, almacenaxe e distribución dos materiais que aparecen no Anexo, previa conta xustificativa dos mesmos por parte da Asociación como entidade colaboradora.

Por outra banda, o Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, sinala que para obter a carta de artesán, débese presentar unha certificación de ter superados cursos en centros de ensino cunha duración mínima de 500 horas, ter traballado nun obradoiro artesán cunha asistencia mínima de 500 horas ou exercer unha actividade artesán. Neste último suposto, a persoa interesada precisa dalgunha entidade que lle certifique a veracidade desa actividade.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo convocará durante o ano 2019 un programa extraordinario de “Recoñecemento de Oficio” polo que as persoas interesadas suxeitas ao artigo 12.3 poderán solicitar a carta de artesán sendo AGA a entidade certificadora.

TERCEIRO.- O 22 de novembro de 2018, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo resolveu:

1º) Acreditar á Asociación Galega de Artesáns como entidade colaboradora do dito centro directivo para a edición e distribución do material no que se utilizase a marca *Artesanía de Galicia* aos obradoiros artesáns e aos establecementos de venda de artesanía autorizados para utilizar a devandita marca.

2º) Autorizar a edición do referido material pola Asociación Galega de Artesáns.

A acreditación e máis a autorización concedidas na referida resolución quedaban condicionadas a que a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Asociación Galega de Artesáns subscribisen un convenio de colaboración no que constasen as condicións para a eficiente edición e distribución do material coa devandita marca.

CUARTO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o artigo 1 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de artesanía. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector da artesanía e a promoción dos seus produtos nun escenario onde é preciso incrementar a competitividade da artesanía e modernizar as súas estruturas co fin de impulsar e fortalecer ó sector.

QUINTO.- A Asociación Galega de Artesáns é a asociación profesional, sen ánimo de lucro, de implantación autonómica, de carácter multisectorial e con máis de cen asociados que conta cun dilatado historial de accións innovadoras en materia de promoción e desenvolvemento da artesanía.

Os obxectivos da Asociación Galega de Artesáns son a defensa e promoción das actividades artesanais en todas as súas vertentes, mellorando as condicións de exercicio dos oficios artesáns e colaborando no seu progreso.

Precisamente, a Asociación Galega de Artesáns colaborou coa Xunta de Galicia na creación da marca *Artesanía de Galicia* e conta coa acreditación como entidade colaboradora para a edición e distribución do material no que se utilice a devandita marca aos obradoiros artesáns e

aos establecementos de venda de artesanía autorizados para utilizala, así como coa autorización para editar o referido material.

SEXTO.- As dúas institucións comparecentes consideran de interese mutuo a colaboración na promoción, edición e distribución do material no que se utilice a marca *Artesanía de Galicia* co obxectivo de acadar unha maior adhesión a ela que contribúa ao crecemento da rede de tendas que ofrecen os produtos artesáns galegos e ao conseguente desenvolvemento e fortalecemento da creatividade e do tecido empresarial da artesanía de Galicia. Tamén consideran fundamental crear unha canle formal para proceder á certificación dos méritos alegados daquelas persoas interesadas en obter a carta de artesán que non poidan acreditar de ningún outro xeito os requisitos do artigo 12 do Decreto, ao abeiro da futura convocatoria .

En consecuencia, as partes comparecentes acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e máis a Asociación Galega de Artesáns para a edición e distribución do material no que se utilice a marca *Artesanía de Galicia*, establecer as condicións para a eficiente realización dese cometido así como formalizar o proceso de certificación dos méritos alegados polos solicitantes da carta de artesán, cando así se solicite, nos termos establecidos no artigo 12 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

A Consellería comprométese a financiar este investimento con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.640.3, proxecto de investimento 2015/00276, con crédito adecuado e suficiente para financiar o presente convenio para o ano 2019.

SEGUNDA.- Actuacións.

En execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións:

- a) Edición do material coa marca *Artesanía de Galicia* que se relaciona no anexo deste documento.
- b) Almacenamento e posterior distribución do referido material aos obradoiros e establecementos de venda de artesanía autorizados para utilizar a devandita marca.
- c) Certificacións de cumprimento dos requisitos que prevé o artigo 12.3 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, aos efectos de presentación de solicitude de obtención de Carta de Artesán ao abeiro do programa de Recoñecemento de Oficios que desenvolverá a Dirección Xeral de Comercio e Consumo durante o 2019.

TERCEIRA.- Compromisos e actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a financiar o coste da edición do material coa marca *Artesanía de Galicia* que se relaciona no anexo deste documento, por un importe de 257.870,00 IVE incluído.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria tramitará as solicitudes de autorización do uso da marca *Artesanía de Galicia*, facilitará información á Asociación Galega de Artesáns sobre os establecementos de venda de artesanía

autorizados por ela para utilizar a referida marca e determinará o prezo de venda do material que a leve.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a financiar o coste dos procedementos de certificación aos que se refire o artigo 13.c) do Decreto 218/2001, por un importe de 30€ por certificación.

CUARTA.- Compromisos da Asociación Galega de Artesáns en relación coa edición e distribución do material no que se utilice a marca *Artesanía de Galicia*.

A Asociación Galega de Artesáns adquire os seguintes compromisos e obrigas en relación coa edición e distribución do material no que se utilice a marca *Artesanía de Galicia*:

- a) Financiar o custe da xestión dos pedidos e xestión administrativa do material coa marca *Artesanía de Galicia* que se relaciona no anexo deste documento, por un importe de 15.000,00 €, IVE incluído.
- b) Editar o material coa marca *Artesanía de Galicia* que se relaciona no anexo deste convenio. Para estes efectos, a Asociación Galega de Artesáns solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso para a entrega daquel. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Antes da edición do material coa marca *Artesanía de Galicia*, a Asociación Galega de Artesáns deberá presentar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo unha proba de preimpresión na que se respecten as características técnicas orixinais, respondendo en caso contrario dos prexuízos que se ocasionen.
- c) Almacenar o devandito material nun local que reúna as condición de seguranza esixidas na normativa técnica de aplicación ás instalacións eléctricas, de protección contra incendios e demais.
- d) Subscribir un contrato de seguro que cubra os danos que poidan ocasionarse no material almacenado no dito local, por un importe máximo de 1.000€, IVE incluído.
- e) Distribuír o material en cuestión aos obradoiros artesáns e aos establecementos de venda de artesanía autorizados pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo para utilizar a marca *Artesanía de Galicia*.
- f) Xestionar e administrar todos os ingresos e gastos relacionados coa utilización da marca a través dunha conta específica establecida para o efecto e levar unha contabilidade separada dela. Os ingresos destinaranse a sufragar os gastos que ocasione a edición de máis material coa marca *Artesanía de Galicia*.
- g) Informar trimestralmente á devandita dirección xeral sobre as entregas realizadas, con referencia ás persoas, material e unidades entregadas.
- h) Presentar anualmente á dirección xeral información detallada sobre a contabilidade xerada polo uso da marca,
- i) Facilitar canta información precise a dirección xeral en relación coa distribución da marca.
- k) Certificar os méritos alegados polas persoas interesadas para a obtención de carta de artesán ao abeiro do programa de Recoñecemento de Oficios que desenvolverá a Dirección Xeral de Comercio e Consumo durante o ano 2019.

QUINTA.- Outros compromisos da Asociación Galega de Artesáns.

Así mesmo, a Asociación Galega de Artesáns adquire os compromisos e mais as obrigas que se indican de seguido:

- a) Achegar os documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os demais documentos requiridos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

- b) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- c) Facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería de Economía, Emprego e Industria co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- d) Facer figurar expresamente o cofinanciamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria-Dirección Xeral de Comercio e Consumo en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades establecidas neste convenio.
- e) Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- f) Seguir as normas sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal.
- g) Presentar a declaración de carencia de ánimo de lucro na achega monetaria da consellería que financia a actuación prevista nos apartados a), b) e c) da cláusula segunda deste convenio, non en concepto de prezo por un servizo prestado, senón como unha forma de participación no custo financeiro da devandita actuación.

SEXTA.- Orzamento e financiamento.

O orzamento total estimado para levar a cabo as actuacións obxecto do presente convenio ascende á contía de 273.870,00 IVE incluído, que se desagrega por conceptos no anexo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, destinará ao financiamento deste convenio a contía máxima de 257.870,00 IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 09.30.751A.640.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. Esta achega monetaria compensará os custos en que incorra a Asociación Galega de Artesáns nas actuacións previstas na cláusula segunda.

SÉTIMA.- Xustificación e pagamento.

Tendo en conta as características das actuacións a desenvolver o libramento da achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria establecida nas cláusulas terceira e sexta farase efectiva logo da presentación, por parte da Asociación Galega de Artesáns, da documentación que acredite a realización da actuación prevista no apartado a) da cláusula segunda deste convenio, estando previsto un único pagamento.

Esta documentación xustificativa deberase presentar antes do 30 de decembro de 2019 e estará composta por:

- Presentación da conta xustificativa, consistente nas pertinentes facturas acompañadas dos soportes documentais que foren necesarios.
- Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste a razón social e o CIF da Asociación Galega de Artesáns, así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal, díxito control e código de conta corrente.
- Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

En todo caso, o libramento do pago requirirá certificado, expedido polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación da realización das actividades obxecto do convenio.

Para o suposto de que a xustificación dos investimentos realizados fose inferior ao orzamento sinalado na cláusula sexta, a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria minorarase porcentualmente.

OITAVA.- Comisión mixta de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado neste convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e dous da Asociación Galega de Artesáns. Os integrantes da comisión designaranse no mes seguinte á sinatura deste convenio mediante cruce de escritos das partes comunicando os seus respectivos nomeamentos.

A comisión mixta de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Analizar os resultados das actuacións obxecto deste convenio.
- b) Propoñer e deseñar medidas e actuacións complementarias que se xulguen de interese.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

NOVENA.-Vixencia.

Este convenio estará en vigor desde a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro do 2019. Non se contempla posibilidade de prórroga.

DÉCIMA.- Modificación.

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento. A conformidade expresa da Consellería de Economía, Emprego e Industria requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Comercio e Consumo e só será outorgada cando non se altere o obxecto do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realice a actividade obxecto del, ou polo mutuo acordo das partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Responsabilidade.

A subscripción deste convenio non leva consigo relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actividades obxecto del e a consellería, de maneira que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.-Natureza e interpretación.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten a prerrogativa de interpretar este convenio e resolver todas as dúbidas que xurdan na súa execución de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable. Os acordos correspondentes porán fin a vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Remisión normativa.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, 30.04).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto).
- Resto da normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Economía, Emprego e Industria cumprirá coas obrigas de difusión do presente convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos.

As partes comprométense a cumprir o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal aplicable.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria	POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS O presidente

ANEXO	
1)Elementos promocionais marca Artesanía de Galicia 2019	Prezo
1.000 kg papel envoltorio Artesanía de Galicia	4.400,00€
2.000 rolos precinto rotulado Artesanía de Galicia	4.180,00€
Bolsas offset premium/170gr plastificado mate, asa tela:	
11.000 uds 18+8x24	9.856,00€
11.000 uds 25+12x41	15.290,00€
6.000 uds 32+12x41	8.718,00€
3.000 uds 52+16x48	7.554,00€
Sobre bolsa tira adhesiva 200gr plastificado mate	
40.000 uds 12+3x23+5	11.200,00€
20.000 uds 18+6x30+5	7.120,00€
12.000 uds 28+7x44+56	8.160,00€
5.000 uds bolsas papel e asa rizada 32x41x12	1.600,00€
10.000 uds bolsas papel e asa rizada 32x41x12 (30%)	960€
5.000 uds bolsas papel e asa rizada 24x32x11	1.100,00€
5.000 uds bolsas papel e asa rizada 18x24x8	900,00€
Loxística, almacenaxe, distribución, resolución de incidencias, personalización para obradoiros e preimpresión personalizada.	58.500,00€
Etiquetas Artesanía de Galicia xenéricas e reimpresións	49.752,00€
Elementos accesorios da marca: identificadores tendas, autocolantes, cinta de raso, caixas de cartón e folleto información da nova Orde de uso da Marca.	20.580,00€
TOTAL	209.870,00€
2)Programa recoñecemento actividade artesanal (certificacións)	3.000€
BASE IMPOÑIBLE	
IVE 21%	44.702,70€
Total	257.870,00€
Costes soportados por AGA (IVE incluído)	
Seguros (1 ano)	1.000,00€
Xestión de envíos e xestión administrativa	15.000,00€
Total	16.000,00€
Total xeral durante o ano 2019	273.870,00€